




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilar de Santos*, é unha imaxe obtida mediante o escaneo íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 29 de setembro de 2017.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.



Memoria xustificativa dun convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilar de Santos para a execución do proxecto denominado mellora do abastecemento de auga potable en Parada de Outeiro

1-Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

2-Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar un convenio de colaboración co Concello de Vilar de Santos para a execución dun proxecto cuxa finalidade sexa a creación e /ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais

O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Pola súa banda, os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Así pois este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

3-Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Vilar de Santos o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2017 .

4-Obxecto do convenio



O convenio ten por obxecto fixar as liñas de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e o Concello de Vilar de Santos para a execución dun proxecto cuxa finalidade sexa a creación e /ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais5-

5-Fundamentos do convenio

A Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou, por medio da Orde do 30 de decembro de 2016, a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, destinadas á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014- 2020 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro), modificada para ampliar a súa dotación económica pola Orde do 12 de xuño de 2017. Mediante a devandita orde a Xunta de Galicia materializou a súa vontade de colaborar cos concellos na implantación e mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural.

O día 4 de xullo de 2017, resolveuse o procedemento iniciado pola Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro), que foi modificada pola Orde do 12 de xuño de 2017 (DOG núm. 115, do 19 de xuño).

O procedemento iniciado pola antedita orde finalizou coa concesión de axudas a todos os concellos solicitantes que cumprían os requisitos esixidos polas bases reguladoras e acadaron a puntuación mínima determinada pola Comisión designada para a valoración dos proxectos, ata o esgotamento do crédito destinado ao financiamento da convocatoria.

Cúmprense deste xeito os principios de concorrência, transparencia, publicidade, obxectividade, igualdade e non discriminación recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e asemade destínase eficazmente o crédito dispoñible a a colaborar coas entidades locais na execución de actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais.

Logo da tramitación desta convocatoria, existía un saldo de crédito financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considerou axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz para colaborar coas entidades locais de Galicia na mellora da calidade da prestación dos servizos municipais.



En base ao anteriormente exposto a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias ten previsto asinar convenios de colaboración con diversos concellos para a execución de proxectos que teñen por obxecto a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais, incluídos os relacionados coa protección do ambiente. No convenio-tipo aprobado establece os proxectos subvencionables, sendo aqueles que teñan por obxecto:

- A realización de obras de adecuación en edificios de titularidade municipal nos que se presten os servizos xerais do concello.
- A realización de obras para a prestación de calquera dos servizos relacionados no artigo 26.1 da Lei 2/1985, do 2 de abril.

Quedan excluídos aqueles proxectos que teñan por obxecto:

- a- Actuacións sobre redes de alumado público ou calquera dos seus elementos.
- b- Pavimentación de vías públicas, con excepción das prazas e rúas dos núcleos de poboación.

Por outra banda o ámbito subxectivo da proposta de convenio delimitouse en base aos seguintes criterios:

- Concellos que solicitaron subvención ao abeiro da Orde do 30.12.2016 xa citada, pero non a obtiveron, ben por resultaren inadmitidos, desistidos ou por non acadaren a puntuación mínima establecida na orde para acceder ás axudas (fixada en 21 puntos polo artigo 10 *in fine* da orde).
- Poboación inferior a 6.500 habitantes (datos 2016 obtidos da páxina web do Instituto Galego de Estatística)
- Porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos superior ao 30% (datos 2016 obtidos da páxina web do Instituto Galego de Estatística)
- Dispersión da poboación, medida en habitantes por quilómetro cadrado, inferior a 50 hab/km².
- Dispersión medida polo número de habitantes con relación ao número de núcleos de poboación do concello, inferior a 100 habitantes por núcleo.
- Dispersión medida pola superficie do concello en km² con relación ao número de núcleos, inferior a 3,5 km² por núcleo.
- Que non obtivesen unha subvención na liña non competitiva do FCA 2017 por importe superior a 30.000 €.

A conxuntura descrita, as circunstancias xeográficas e demográficas dos concellos relacionados e o obxectivo da actuación converxen para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención.



Para a tramitación deses convenios de colaboración contouse cun crédito de 598.228,84 € existente na aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (C.P. 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais). Dado que para o financiamento de todos os proxectos subvencionables por cumprir os requisitos fixados no convenio tipo serían precisos 613.046,61€, para cubrir esta diferenza, o convenio de menor importe, proposto polo Concello de Vilar de Santos para a Mellora do abastecemento de auga potable en parada de Outeiro por importe de 17.122,00€, financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 2017 05 21 121A 760 (CP 2015 00088) da Secretaría Xeral Técnica.

Así pois, este convenio de cooperación responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e se corresponde con actuacións financiáveis de conformidade coa natureza do gasto.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas municipais sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Vilar de Santos.6-

6- Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de DEZASETE MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS (17.122,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

